

# A PROTECCIÓN AMBIENTAL NA ENCRUCILLADA GLOBAL

ENVIRONMENTAL PROTECTION AT THE GLOBAL CROSSROADS

Alba Nogueira López

Universidade de Santiago de Compostela

ORCID: 0000-0001-8652-5614

**Resumo:** Son malos tempos para a protección ambiental e lingüística. O xiro global conservador-populista puxo no seu albo as políticas climáticas e de transición ecolóxica chegando ao negacionismo climático. O retroceso pódese xa constatar no adiamento de compromisos ambiciosos, no abandono de iniciativas legislativas e na laxitude nos controis ambientais. En Galicia pode trazarse un paralelismo entre unha política ambiental e unha política lingüística sen pulso e caracterizadas pola ausencia de obxectivos, de avaliación de cumprimento e de mandatos prescriptivos.

**Abstract:** These are difficult times for climate and environmental policies. The shift towards global right-wing populism had led to changes in climate and ecological transition policies that amount to climate denialism. The setback is already detected in the postponement of ambitious commitments, the abandonment of legislative initiatives and laxity in environmental controls. In Galicia, a parallel can be drawn between lacklustre environmental and language policies that are devoid of objectives, compliance assessment and prescriptive mandates.

**Palabras chave:** negacionismo climático, xiro extrema dereita, declive na protección ambiental, paralelismo coas políticas lingüísticas.

**Key words:** Climate denialism, far right shift, decline in environmental protection, language policies parallelism.

Hai un fío condutor entre os estudos de lingua e de medio ambiente que é a idea da defensa da diversidade e da preservación. Os enfoques académicos, sobre todo no caso das linguas minorizadas como a nosa, falan da cuestión da defensa da diversidade e é unha liña de pensamento que conecta moito coas perspectivas no ámbito ambiental.

Como elemento inicial cómpre facer unha reflexión, que probablemente para os non xuristas é necesaria, sobre para que serve o dereito. O dereito é unha ciencia social que serve para darlles solución a conflitos colectivos de forma ordenada e pacífica. É certo que representa as posicións hexemónicas ou maioritarias dun determinado grupo social, pero tamén o é que para que actúe o dereito ten que haber conflitos ou a percepción social de que algo é problemático. Non hai dereito naqueles ámbitos onde a sociedade non percibe que existan elementos de confrontación, e isto pode suceder tanto nos ámbitos privados coma nos públicos. Mentres se entendeu que nas relacións de parella era normal que houberse relacións de dominación, non houbo regras para resolver esas situacións, as separacións ou a violencia. No caso dos conflitos tecnolóxicos: mentres non hai capacidade técnica ou científica nun ámbito —por exemplo, non podes usar células nai para replicar tecidos ou seres—, non hai normas para resolver os problemas ou os dilemas, tamén xurídicos, que ocasiona operar en contornas tecnolóxicas, científicas, máis avanzadas.

No ámbito do medio ambiente iso vese claramente. Os romanos tiñan normas de xestión das augas, pero eran basicamente normas cunha finalidade non ambiental, senón sanitaria; non morrer de tifos, non prexudicar a saúde humana. Realmente podemos falar de que hai dereito ambiental desde o momento en que a sociedade percibe que o medio ambiente é problemático: empeza a haber recursos naturais que se esgotan, hai niveis de contaminación severos que son insoportables, prodúcense catástrofes ambientais e hai que darlle resposta a iso. É dicir, a idea dun ordenamento xurídico para prever ou arranxar os problemas que se ve que ocasiona o déficit de recursos, a contaminación etcétera.

Isto enlaza cun sector de protección ambiental como é o dos espazos naturais, porque efectivamente moita xente diría: “O dereito ambiental nace cando empezamos a crear parques naturais”. Pero é que se crean con outro espírito: co espírito romántico de ter un sitio de evasión no que gozar da súa beleza, non tanto coa idea de preservar espazos que son necesarios para a protección da vida, dos ecosistemas; é o que lle dá sentido.

Desde esa orixe quería formular a cuestión de que fai o dereito ambiental hoxe e en que situación está. Na miña opinión, xa avanzo que estamos

nunha encrucillada, no sentido de que, dado que para ter normas temos que ter antes mobilización social e premer os poderes para que algo se faga, a continuación iso move os gobernantes a actuaren —e pasa así en todos estes ámbitos que citaba antes—, e só despois nacen as normas, que evidentemente responden ao peso político que ten na sociedade cada idea, e neste momento atravesamos un cambio de paradigma.

Algúns datos da realidade máis recente confirman ese punto de inflexión. Hai un par de anos, o comisario de medio ambiente da Unión Europea afirmaba que os días de gloria onde nos reclamaban polas rúas medidas de acción climática acabaran. Os responsábeis europeos certifican que xa non hai na sociedade unha demanda social maioritaria para que o dereito siga avanzando en temas ambientais. Desde a miña perspectiva, no dereito europeo ambiental, que no caso español é a orixe da maior parte das normas que temos, hai un xiro claro. Existe un cambio de forza nas políticas ambientais europeas e tamén no escenario global.

Desde hai unha década, as políticas ambientais empezaron a cederlles o paso a políticas fundamentalmente enerxéticas. É certo que para a transición climática fai falta unha transición enerxética, pero cada vez teñen menos peso as normas de contido ambiental e ten máis peso na axenda europea a axenda enerxética. Unha boa parte do esforzo da Unión Europea nos últimos anos limítase aos retoques de normas que xa viñan de atrás, pero non novas iniciativas que nos leven cara adiante, que avancen en ambición.

Desde o momento en que Trump chega ao goberno dos Estados Unidos isto é moito máis visible. É dicir, a idea de que xa había un pequeno cambio no ámbito da Unión Europea é moito máis evidente desde o momento en que no escenario global empezan a ter peso movementos de extrema dereita e cuestionadores das verdades científicas en relación co clima, incluso agresivamente contrarios a moitas das cuestións que formaban parte do ADN das políticas ambientais e climáticas ata hai ben pouco.

A aparentemente vella Europa, máis centrada e menos imbuída desas forzas, xa non está no punto de hai unha década. O Pacto Verde europeo envelleceu rápido e desapareceu da axenda. Este mesmo ano, a Unión Europea botou para atrás varias iniciativas que levaban tempo en discusión. Por exemplo, había un texto normativo para que as empresas non puideran facer o que se chama “lavado verde” ou ecoimpostura, o *green washing*. Ese texto foi definitivamente abandonado por parte da Unión Europea. A presión corporativa, a presión das empresas, fixo que a Unión Europea renuncie

a referendar iso, que era un documento, un proxecto normativo que estaba na axenda europea desde había varios anos.

No mes de febreiro, a Unión Europea aprobou o denominado paquete Ómnibus para simplificar a burocracia. Curiosamente, todas as medidas de simplificación do paquete Ómnibus son revisión de normas ambientais: eliminar controis ambientais, suprimir trámites, autorizacións ambientais... como se non houberse moitos outros ámbitos de ordenamento xurídico onde a simplificación fose necesaria. É bastante significativo que cando pos o foco en facer as cousas máis fáciles, o único que estorba son as normas que lle poñen un certo cinto ás empresas no ámbito do medio ambiente.

Por iso o eixo central de reflexión que quero artellar é que temos que pensar que estamos nun contexto de cambio e que iso, máis cedo que tarde, imos velo plasmado a nivel interno. Na medida en que o Estado español é un estado fortemente debedor das políticas europeas ambientais —porque non é un estado que fose especialmente innovador ou motor de cambios nese ámbito—, o “efecto contaxio” non ha tardar en chegar. Mesmo no plano das comunidades autónomas que teñen unhas competencias ambientais relativamente amplas, iso tamén se está percibindo; incluso en comunidades autónomas que sempre foron un pouco por diante, como é o caso de Cataluña ou de Navarra, nótase que o tempo é outro.

Falando especificamente de Galicia, nunca foi a primeira da clase. Temos un ordenamento ambiental bastante pobre, no sentido de que nunca foi un tema especialmente relevante na axenda do goberno mesmo tendo case sempre maiorías parlamentarias que facilitarían a aprobación das normas. Polo tanto, as normas que chegaron ao Parlamento son aquelas que o goberno entende necesarias. E creo que poderíamos afirmar que as normas ambientais que temos —a Lei da paisaxe, a Lei do clima etcétera— normalmente son normas “para a galería”. Son normas que serven para dar unha rolda de prensa, para abrir a cabeceira dun telexornal e para dar un pouco de xogo político mentres pasan ao debate parlamentario. Pero —e isto son “palabros” dos xuristas, pero vou intentar explicalos—, son normas que non son prescritivas. E que significa isto? Que son programáticas, como lle chamamos normalmente: describen unha situación e limítanse a enunciar unha acción abstracta de promoción, apoio ou impulso, pero sen regular medidas concretas, con prazos de execución claros e obxectivos ou límites precisos.

En certo modo, podemos trazar un paralelismo co ámbito da lexislación lingüística. A Lei de normalización lingüística é do ano 1983 e abre un proceso no momento case dos albores do autogoberno. Entón, poderíamos

pensar que é sensato que haxa unha norma que se asente fundamentalmente na promoción, fomento, sen concrecións maiores. Lembremos que non tiñamos xente alfabetizada en galego nas escolas, por exemplo. Porén, se en 2025 levamos unha lei ao Parlamento de Galicia que en normalización lingüística dixese: “Promoveremos nas escolas que a xente saia formada en galego e en castelán”, diríamos, “Oes, aquí fáltame algo: como imos promoverlo?, cales son as medidas?, cales son os obxectivos?”. Un pouco de densidade normativa que estableza un feixe de dereitos e obrigas esixíbeis.

Que sucede nas normas ambientais en Galicia? Que normalmente carecen desa densidade, basicamente enuncian ferramentas, pero non van ao detalle das medidas. Por poñer un exemplo, na Lei da paisaxe, temos que ter planificación da paisaxe, hai que crear un observatorio da paisaxe... Pero despois o observatorio non se pon en marcha ou ten un funcionamento irregular, a planificación adíase *sine die*, temos unha boa parte dos espazos naturais protexidos sen instrumentos de xestión... Ti declaras o parque e poslle “o diploma na porta”: isto é un parque natural. Mais non hai ningunha medida de xestión aprobada para ese parque, para ver como fas que ese ecosistema estea salvagardado, para determinar que usos se permiten, se limitan ou están prohibidos. Pasa isto en todos os planos da actividade ambiental, no medio ambiente industrial, en moitos outros ámbitos. Iso é o que o que falta aquí, o desenvolvemento desa trama normativa, que é moi pobre.

En coincidencia con iso tamén hai unha dinámica desde hai moitos anos, moi manifesta no sector enerxético, no sector eólico, mineiro, é dicir, nos ámbitos problemáticos que tiveron máis contestación social, que regula o sector un pouco pola porta de atrás. Pola vía das leis de acompañamento de orzamentos anuais ou introducindo emendas noutros proxectos normativos sen conexión modifícanse compulsivamente as normas de autorización de actividades problemáticas na contorna, no medio ambiente, na paisaxe para poñer unha alfombra vermella aos proxectos e que non teñan un excesivo control ambiental.

E aquí non hai contradición en facer dúas afirmacións. É necesario para unha transición climática promover as renovábeis e impulsar a electrificación prescindindo dos combustíbeis fósiles que seguen sendo a principal fonte de abastecemento enerxético. Agora ben, para iso temos que facer os pasos previos: ten que haber unha planificación territorial e ambiental que non existe, non existe en paisaxe, non existe en eólicos, non existe en moitos outros ámbitos. E ten que haber un control ambiental dos proxectos, porque aínda que con carácter xeral debamos ter máis parques eólicos,

ao mellor o mellor sitio para ter un parque eólico non é un espazo natural protexido, ou hai formas diversas de implantar os parques eólicos. Temos que ter un modelo para iso.

En definitiva, estamos nun momento de cambio de contexto no que Galicia non parte dunha situación especialmente favorable no que a protección ambiental se refire. Neste contexto de cambio mundial, temos que pensar como actuar para non perder o paso da transición ecolóxica e climática.